

SEMANA DE PRODUCCIÓN E XESTIÓN

2021



RAMÓN VERBERNE



FROM IDEA TO SUCCESSFUL PROJECT IN 5 STEPS

Ramón Verberne

Martes, 6 de abril - 10h

Aula 0

* só para alumnado de Producción e Xestión

Ramón Verberne (1971) é profesor e coach en emprendemento creativo na **Escola de Artes de Utrech (HKU)** e o **Conservatorio Real de Música de La Haya (KonCon)**. Estudou Bioloxía na Universidade de Utrech e artes visuais autónomas na Escola de Artes de Utrech e comezou a súa carreira como **ilustrador e editor de infografías** para Algemeen Dagblad e como formador de xestión de proxectos para unha multinacional de ICT. Tamén traballou como **produtor creativo** de varias series de animación e películas nos últimos anos (Miffy e os seus amigos, Woezel en Pip, Tumblies). Ademais desenvolveu e produciu moitas **animacións educativas para museos, festivais e exposicións**.

En 2018 fundou a **Interactive Culture Foundation**, que opera nos Países Baixos, Francia e Suíza. Esta fundación desenvolve **proxectos interactivos e educativos** que abren a cultura a un amplo público. Alguns exemplos son a **aplicación VERS** (aplicación de poesía baseada na ubicación) e **StoryScope** (Fabrique à Silhouettes).

168 horas á semana: what to do? Nuns poucos e sencillos pasos, Ramón ensinará aos estudantes dunha maneira rápida e efectiva: Como escribir e catalogar as ideas, como comprobalas e escoller as mellores para facer unha lista, como convertilas en exitosos proxectos... **ROCK IN POND!**, diseño de ideas, estratexias baseadas no produto e outras técnicas que se usaran no taller.

BRAIS GONZÁLEZ



SAÍR DA CASCA: do Conservatorio aos novos retos musicais do S. XXI

Brais González

Martes, 6 de abril - 18h

Auditorio Martin Códax

Brais González (Vigo, 1987) estudou na **Universidade Mozarteum de Salzburgo** con Rolf Plagge, complementando a súa formación nos **Conservatorios de Vigo e Oviedo**. Foi premiado, entre outros, no Concurso Internacional Ciudad de San Sebastián, o Concurso Internacional Cidade de Ferrol, o Concurso Ricard Viñes de Lleida ou o IV Concours International Nikolaï Rubinstein de París.

Actuou como solista e músico de cámara nunha vintena de países europeos. Como compositor, as súas obras foron interpretadas en importantes salas do continente, como Conde Duque (Madrid), KUMU (Estonia), Baltais Fligelis (Letonia), ou Flux (Budapest). En 2013 fundou o grupo de música de cine mudo **Caspervek** co que realizou máis de 200 conciertos por todo o continente. En 2016 comezou xunto a musicóloga Erea Carbajales o podcast de divulgación musical **Anónimo IV**, que acumula xa 4 temporadas e un centenar de episodios. En 2019 fundou xunto á cellista Julia Caro e a violista Clara Mascaró o **Trio Bórea**, centrado na interrelación entre a música de cámara e as novas tecnoloxías.

Nesta ponencia Brais plantexará cómo afrontar o salto do ámbito educativo ao panorama laboral musical na actualidade.

NOA LÓPEZ



XESTIÓN DE XIRAS

Noa López

Mércores, 7 de abril - 18h

Auditorio Martin Códax

Noa López é unha produtora cultural e musical baseada en Galicia. No 2003 comeza a desenvolver a súa labor profesional aunando dous ámbitos: o **Ámbito da Educación non formal**, traballando en deseño, coordinación e implementación de plans e programas de intervención e dinamización, asesoramento de institucións e persoas e de deseño de plans de formación e docencia dos mesmos; e no **Ámbito da Xestión Cultural e Musical** a través da organización, produción e promoción de eventos e artistas: **management, asesoramento na elaboración e definición de propostas artísticas, difusión e distribución de produtos culturais e organización e produción de eventos de grandes dimensións.**

Algúns dos seus variados traballos son “Ir y venir”, unha coprodución catalano-arxentina (2015), o deseño, dirección e produción da Romaría de Santa Margarida para o concello de A Coruña(2016, 2017) e a Xira do colectivo La Trovuntivitis e de Yaima Orozco e Alfred Artigas, formacións da denominada “Nova Troba Cubana” en México(2020).

A súa conferencia centrarase na produción e xestión dunha xira.

JUAN CARLOS F. FASERO



EL VALOR DE LOS DERECHOS DE AUTOR

Juan Carlos F. Fasero

Venres, 9 de abril - 11h

Auditorio Martin Códax

Juan Carlos Fernández Fasero é un físico e músico que conta con anos de experiencia na produción musical e na **dirección e participación en diferentes asociacións culturais e axencias de dereitos de autor (SGAE)**.

No 1997 créase **Zouma Producciones S.L.**, empresa da que é socio fundador e director ata o 2009. Esta empresa funcionou como discográfica, estudo de gravación, produtora e representación artística. Aquí realizou a parte máis importante do seu traballo, buscando sempre a internacionalización dos artistas, entre os que podemos atopar a Cristina Pato ou Anxo Lorenzo.

Foi secretario e presidente da **AGAPHONO** e vogal e vicepresidente da **AGEM**. Foi presidente da **AGADIC** dende xullo de 2009 ata o 2012. Dende novembro de 2012 ata setembro de 2017 foi o **Director da Zona Noroeste da Sociedad General de Autores y Editores, SGAE** (Galicia, Asturias e Cantabria). Dende ese momento, ata a actualidade, é o **Director de Contratación e Licencias e Red Territorial** da SGAE.

A súa conferencia versará sobre os dereitos de autor e temas relacionados aplicados á industria musical.

EDU ROMERO



PRODUCCIÓN E XESTIÓN, DE AFICIÓN A OCUPACIÓN

Edu Romero

Venres, 9 de abril - 12:30h

Auditorio Martin Códax

Edu Romero naceu en 1981 en Vigo, e é socio fundador de **Coconut producciones** (2007) e de **R Música Djs** (2013) así como baixista de **Isius** e **Nadadora**.

Coconut Producciones nace coa intención de dinamizar a escena musical en Galicia, con propostas de calidade, diferentes e atractivas: ciclos como **ConCierito Sentido**, festivais como **Voces Femeninas** ou **Sonora**; mais tamén ten xestionado concertos da Universidade de Vigo ou **La Iguana Club**, editado referencias como selo discográfico, e levado a contratación e management de artistas locais e internacionais como Nico Pastoriza ou Emmy the Great.

R Música Djs é unha empresa especializada no sector nupcial, mais adicada a todo tipo de eventos para clientes como o R.C. Celta de Vigo, Atlantic Fest, Final Copa Libertadores...

Na súa ponencia, Edu compartirá o seu coñecemento no sector baseándose na súa experiencia.



- Coordinadores: Sara Lía Ochogavías e Xián Fernández
- Producción artística: Álvaro Carballo
- Producción técnica: Iago Martínez
- Promoción: Claudia de los Santos
- Montaxe e deseño: Manu Rojo
- Colaboradores da dirección: Oswaldo Oro e Roberto Relova

Grazas aos relatores, ás entidades colaboradoras e ao equipo directivo de CSM Vigo.